

Pontevedra, 14 de febreiro de 2024

Meu amor:

Como pasou o tempo dende que te vin por primeira vez con esas trenzas de cabelo vermello recentemente chagada do estranxeiro.

Acórdome cando o meu amigo Xesús che pediu a primeira cita para que foses ao cine comigo. Acórdaste?

Acórdome do noso primeiro bico ao acompañarte á casa aquela noite de verán. Acórdaste?

Acórdome da alegría ao recibir a noticia do noso primeiro fillo... e do segundo. Acórdaste?

Acórdome das nosas viaxes, nas nosas confidencias, dos nosos soños... Acórdaste?

Acórdome da nosa primeira cita ao médico, da segunda, da terceira... Acórdaste?

Acórdome da tristeza dos días malos e da felicidade de volver atoparte nos días bos. Acórdaste?

Acórdome da angustia do primeiro día no que tiven que deixarte aí con estraños.

Acórdome da volta á casa, de atoparnos sós ata a seguinte visita.

Aquí sigo, meu amor, esperando a que lembres e poidamos volver reencontrarnos como o día que ten vin con aquelas trenzas de cabelo vermello recentemente chegada do estranxeiro.

